

F. Fernández Rei (2013): “Galego oral e galego estándar. Consideracións sobre a codificación léxica e as variedades sociais”, en Ulrich Hoinkes (Hrsg.): *Die kleineren Sprachen in Romania. Verbreitung, Nutzung und Ausbau*. Frankfurt am Main: Peter Lang, 49-88.

---



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

“Galego oral e galego estándar. Consideracións sobre a codificación léxica e as variedades sociais”, en Ulrich Hoinkes (Hrsg.): *Die kleineren Sprachen in Romania. Verbreitung, Nutzung und Ausbau*. Frankfurt am Main: Peter Lang, 2013, 49-88.

## **Galego oral e galego estándar. Consideracións sobre a codificación léxica e as variedades sociais**

**Francisco Fernández Rei**

Instituto da Lingua Galega. USC

### **1. INTRODUCCIÓN**

A medieval lingua *abstand* galaico-portuguesa, que naceu do latín falado na Gallaecia, deu orixe a dúas modernas linguas *ausbau*, a galega e a portuguesa. Con cultivo literario ininterrompido desde a Idade Media, con uso oficial e apoio legal desde hai séculos, a portuguesa é hoxe unha lingua policéntrica, con dous centros lingüísticos interdependentes (europeo e brasileiro), con cadanseu estándar e escasas diferenzas entre eles. A lingua galega, despois de interromper o seu cultivo no séc. XV, desde mediados do XIX está en proceso de elaboración como lingua románica autónoma verbo do portugués, co que non obstante mantén grandes semellanzas estruturais.

Na parte meridional, a fronteira lingüística do galego co portugués coincide basicamente coa fronteira administrativa de España e Portugal. Trátase dunha fronteira estable desde hai uns 900 anos, pero permeable, onde coinciden na actualidade as isoglosas de varios fenómenos: a) gheada (*amigho*, *ghato*), inexistente en portugués; b) interdental fricativa xorda [θ] (gal. *ceo*, *facer*), que en portugués corresponde a unha sibilante xorda (*ceio*) ou a unha sonora (*fazer*); c) inexistencia en galego da fricativa prepalatal sonora /ʒ/ en formas como *peixe*, *hoxe* e *xente*, onde <x> representa unha fricativa xorda /ʃ/, mentres que en portugués existe unha oposición entre sibilante xorda <x> (*peixe*) e sonora <j> e <g> (*hoje*, *gente*)<sup>1</sup>; d) inexistencia en galego de vocais

---

<sup>1</sup> Só en falares arraianos da Limia Baixa ourensá existen sibilantes sonoras semellantes ás portuguesas, igual que en Hermisende (Zamora), aínda que neste caso practicamente desaparecidas.

tónicas nasais (*lan / la, cancións / cancións / cancións*), mentres que en portugués se mantén a nasalidade característica do galego antigo (*lã, canções*)<sup>2</sup>.

Na parte oriental a fronteira non coincide con ningún límite administrativo. O tránsito do galego ó astur-leonés é gradual; aínda así a romanística veu considerando como límite entre galego e astur-leonés as importantes isoglosas *e / ie* (*terra / tierra* < lat. TĒRRA) e *o / ue* (*porta / puerta* < lat. PŎRTA) con ausencia de ditongación en galego; próximo é o trazado das isoglosas de fenómenos tan importantes como a desaparición de -N- e -L- latinos en galego e a súa conservación nas falas astur-leonesas (*mao / mano* < lat. MANU, *pau / palo* < lat. PALU) e as isoglosas dos resultados de -NN- e -LL-, con redución en galego e palatalización en astur-leonés (*pano / paño* lat. PANNU, *cabalo / caballo* < lat. CABALLU).

O territorio lingüístico galego moderno (cadro 1) corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia, que comprende as provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra; unha franxa do occidente do Principado de Asturias (a Terra Eo-Navia); outra franxa do occidente da provincia de León (os Ancares orientais e o Bierzo) e unha pequena zona do NO da provincia de Zamora (As Portelas), ambos territorios na Comunidade Autónoma de Castela-León.

Dominio lingüístico galego. Superficie e poboación					
	Galicia	Asturias	Zamora	León	TOTAL
Sup. km <sup>2</sup>	29.574	1.945,97	494,96	1.119,79	33.134,72
Hab. (2002)	2.737.370	43.801	1.290	25.049	2.807.510

Cadro 1

Nos somentes da Serra de Gata, en Cáceres, na Comunidade Autónoma de Estremadura, existen falas esencialmente galegas, froito de repoboacións medievais de Fernando II e do seu fillo Afonso VIII *rex Legionis et Gallecie*, que levaron xente do seu reino á actual zona portuguesa de Riba-Coa e ás zonas veciñas de Salamanca e Cáceres. Pegadas deses asentamentos medievais tan lonxe de Galicia son topónimos como *Galegos* e *Galegas* en Riba-Coa e os diversos *Galegos* da Estremadura española.

<sup>2</sup> Fenómenos propios do galego, como a pronuncia do <v> de *viño*, *avó* como bilabial [b] ou [β] fronte á labiodental [v] do portugués padrón e centro-meridional, ou a pronuncia de <ch> de *chover* como africada palatal [tʃ], que na pronuncia portuguesa padrón e na maior parte dos falares centro-meridionais é unha fricativa [ʃ], hoxe practicamente se poden considerar que as isoglosas deses fenómenos morren na fronteira. Hai anos eses fenómenos tamén caracterizaban os falares do port. setentrional; pero segundo o material, aínda inédito, do *Atlas Lingüístico de Portugal* hoxe só nalgúns aldeas e en xente moi maior se mantén a africada [tʃ], mentres que a pronuncia labiodental de <v> xa está por todas as partes, aínda que moita xente cometa frecuentes ultracorreccións na pronuncia de /b/ e /v/.

Mostra viva desa presenza é o grupo dialectal formado polo valverdeiro, o lagarteiro e o mañego dos concellos cacereños de Valverde do Fresno, As Ellas e San Martín de Trevello, respectivamente. Estas falas proceden da lingua *abstand* galaico-portuguesa

## **2. FENÓMENOS DIFERENCIADORES DE VARIEDADES XEOGRÁFICAS**

A ausencia dunha cidade importante con capacidade irradiadora e a secular ausencia dunha cultura vehiculada en galego, a escasa mobilidade da poboación e o índice elevado de analfabetismo explican a persistencia de variedades de xeito tenaz ata a actualidade. Des que comezou a elaboración do moderno galego literario e sobre todo des que existe unha lingua codificada que se vai socializando, o galego estase volvendo máis homoxéneo en detrimento das variedades dialectais. Tamén contribúen os cambios demográficos, xa que a sociedade tradicional rural e mariñeira (que era o reduto principal do idioma) está a transformarse de xeito acelerado.

Malia o enorme espallamento da poboación galega, con preto de 40.000 entidades que constitúen case a metade das existentes en todo o Estado español, e malia a inexistencia dun estándar cohesionador, resulta sorprendente a grande unidade estrutural do galego en todo o seu territorio lingüístico. Mais a unidade do galego popular non impide a existencia dunha gran riqueza de fenómenos fonéticos e morfolóxicos (Fernández Rei 1990: 39-104) e unha gran variedade léxica en moitos conceptos.

### **2.1. Fonética**

#### **2.1.1. Gheada**

Representada con <gh> (*ghorxa, amigho, un ghalo*), consiste en articular como [h] (aspirada faringal) a articulación fricativa velar [ɣ], alófono de /g/. Trátase dun fenómeno de variación na norma do galego, inexistente en portugués, que se transferiu por contacto ó castelán de Galicia e que foi moi reprimido na escola, o que explica a súa estigmatización como ‘vulgar’.

Cando a mediados dos anos 70 do séc. XX se recolleu o material do *Atlas Lingüístico Galego (ALGa)* que é a base do estudo do galego oral que aquí se presenta, a gheada era propia da metade occidental de Galicia e insólita no galego oriental (mapa 1). A realización maioritaria era [h], agás en vilas especialmente da costa, con realización fricativa velar [x], mesmo en xente maior. No grupo -ng- medial de palabra o /g/ podía

conservarse (*domingo, ninguén*) ou enxordecer [k] (*dominco, ninquén*) e só nalgúns puntos se rexistraba gheada (*domingho, ninghén*)

Gravacións realizadas polo ILG na década de 1990 permiten afirmar que a xeografía da gheada aínda non variou moito respecto dos anos 70. Con todo, hai cambios considerables a nivel xeracional, porque moita xente nova non a usa; e cando o fai, en puntos de [h] tende a realizala como [x] (Míguez Iglesias 1996).

A importancia da gheada como marcador sociolingüístico é moi superior á de calquera outro fenómeno do galego oral. A súa práctica ausencia en usos formais e a connotación de vulgar (e de rural) fai que tenda a evitarse. Con todo, apréciase, especialmente en xente nova coñecedora do galego estándar, un uso consciente da gheada en situacións formais e informais, para marcar expresividade ou procurar autenticidade, con tendencia a diminuír ó aumentar o grao de formalidade da situación<sup>3</sup>.

### 2.1.2. Seseo

Nas zonas de seseo os catro fonemas sibilantes antigos /ts/, /dʒ/, /s/ e /z/ reducíronse a un, /sʔ/, mentres no resto do galego, como en castelán, a redución foi a dous, por parellas: ant. /ts/-/dʒ/ > mod. /θ/; ant. /s/-/z/ > mod. /s/ (cadro 2).

Lat	gal. antigo	“seseo”	(resto)	cast.
PALATIUM	<i>paaço</i> [ˈpaʃo]	<i>paso</i> [ˈpaʃo]	<i>pazo</i> [ˈpaθo]	<i>palacio</i> [θ]
FACERE	<i>fazer</i> [ˈfadʒer]	<i>faser</i> [ˈfaser]	<i>facer</i> [ˈfaθer]	<i>hacer</i> [θ]
PASSUM	<i>passo</i> [ˈpaʃo]	<i>paso</i> [ˈpaʃo]	<i>paso</i> [ˈpaθo]	<i>paso</i> [s]
CASA	<i>casa</i> [ˈkaza]	<i>casa</i> [ˈkaza]	<i>casa</i> [ˈkaθa]	<i>casa</i> [s]

Cadro 2

Polo que respecta á extensión xeográfica (mapa 1), o seseo explosivo ou prenuclear (*faser, sento*) rexístrase nas falas occidentais da Coruña e nas máis próximas á costa en Pontevedra, con áreas de realización lámino-alveolar, que é a maioritaria, ou ben áptico-alveolar. Nas zonas da Coruña de seseo predorsal hai vilas costeiras onde o seseo se realiza como apical (Camariñas e Rianxo, por ex.), mentres que nas parroquias do rural veciñas a realización é predorsal (Xaviña no concello de Camariñas ou

<sup>3</sup> Na literatura dos últimos anos hai algunha mostra de gheada en autores que tratan de reflectir dalgún xeito a oralidade dalgúns áreas; pero nos medios de comunicación, tanto de ámbito galego como comarcal e local, a ausencia é case total, aínda que pode escoitarse nos entrevistados cando falan con espontaneidade. Na música pop e rock dos últimos anos houbo quen de xeito xeral ou asistemático usou a gheada “urbana”, realizada con [x], mesmo no <ng>, como fai a xente nova, especialmente urbana. Nos grupos que interpretan cancións con música e letra tradicional a presenza da gheada é o normal, se o material se recolleu nunha área gheadófona; e como pretenden reflectir do modo fiel a lingua oral, tratan de usar a gheada aspirada propia dos seus informantes. Unha vez esgotada a estética “bravú” na música e unha vez que pase o boom das pandeireteiras poida que a gheada se refuxie, de novo, nas situacións informais, na canción tradicional e en nomes de embarcacións tradicionais (Fernández Rei 1996).

Taragoña e Asados no de Rianxo). E esa oposición seseo apical (vilego e mariñeiro) fronte a predorsal (rural e labrego) en boa parte segue existindo hoxe<sup>4</sup>.

O seseo vai desaparecendo na xente nova das áreas seseante; e cando a realización da área é lámino-alveolar, de manterse, tende a realizarse como apical<sup>5</sup>.

### 2.1.3. Resultados dos grupos -ŪLT-, -ŪCT-, -ŌCT-, -ŌRĪ-, -ŌRĪ-

Atendendo á evolución das formas galegas patrimoniais en que aparecen estes grupos latinos poden sinalarse no galego popular seis sistemas principais (cadro 3).

		A	B	C	D	E	F
-ŪLT-	MULTUM AUSCULTARE	moito escoitar	muito escuitar	muito escuitar	muito escuitar	muto escutar	mutio escutiar
-ŪCT-	LŪCTAM TRŪCTAM	loita troita	luita truita	luita truita	luita truita	luta truta	lutia trutia
-ŌCT-	NŌCTEM ŌCTO	noite oito	nuite uito	noite oito	noite oito	noite oito	noite oito
-ŌRĪ-	VERSŌRĪAM	vasoira	vasuira	vasoira	vasoura	vasoira	vasoira
-ŌRĪ-	CŌRĪUM	Coiro	cuiro	coiro	couro	coiro	coiro

Cadro 3 (Fernández Rei 1990: 48)

O sistema A (só ditongo *oi*) é o maioritario do galego popular (mapa 2). O sistema B é propio das comarcas occidentais da Coruña situadas ó norte da ría de Muros (terras de Soneira, Xallas, Nemancos e Fisterra, pero non a terra de Bergantiños). O sistema D é propio de falares centro-meridionais de Pontevedra, mentres que os sistemas C, E e F se rexistran no galego oriental.

As formas *muto*, *escutar* probablemente son reducións de *\*mouto*, *\*escoutar*, cun ditongo que se debeu propagar a formas como *noute*, *louta* que no canto de *noite*, *luita* se rexistran esporadicamente en falas orientais. Voces como *couro*, *vasoura*, *devadoura* son resultado da confusión dos ditongos *oi* e *ou* a favor deste.

<sup>4</sup> Na provincia de Pontevedra o seseo prenuclear (*faser*) rexístrase en puntos próximos á costa e con frecuencia caracteriza os falares mariñeiros fronte ós non mariñeiros veciños, como ben se aprecia en concellos do Salnés. Caso ben claro era –e segue a selo– o do concello do Grove formado por dúas parroquias, a de San Martiño (mariñeira) con seseo prenuclear con realización ápoico-alveolar e a de San Vicente do Mar (labrega), onde só se rexistra seseo implosivo ou posnuclear (*des*, *lus*), que tamén se documentaba na maior parte das dúas provincias atlánticas, tal como se ve no mapa 1. E o mesmo ocorre no Baixo Miño no concello da Guarda, con mariñeiros que sesean e con xente non mariñeira (p. ex. da parroquia de Salcidos) que non sesea.

<sup>5</sup> No estudio sobre Viceso-Brión (Míguez Iglesias 1996: 41-45) 24 dos 37 informantes de máis de 30 anos son seseantes, mentres que nos outros 11 informantes non seseantes soamente en 6 deles se rexistran algúns vocábulos con seseo. A realización lámino-alveolar é a maioritaria, pois documéntase en 15 dos informantes. Nesta franxa de idade o seseo implosivo ten maior uso có explosivo, como o proba o feito de que unha forma como *des* sexa xeral, mesmo en falantes que din *dezaseis* ou *dezasete*. Polo que respecta á poboación de Viceso-Brión menor de 30 anos, practicamente desapareceu o seseo, o que non ocorre coa gheada: só dous informantes manteñen o seseo nun 70%, mentres que os demais só algúns usan algunha palabra con seseo. Neste grupo de idade a realización sempre é apical.

En falas do galego de Zamora rexístranse formas como *dois, toiro, oitro, coi* e *foi*, que corresponden ó galego común *dous, touro, outro, couce* e *fouce* con disimilación no ditongo. Este fenómeno dáse en voces portuguesas (*dois, oiro, coisa*).

## 2.2. Morfoloxía

### 2.2.1. Plural cans/cas/cais

A desaparición do -N- latino nos nomes e adxectivos rematados en -ĀNES, -ŌNES orixinou en galego antigo hiatos con vogais nasalizadas, que aínda se manteñen nos Ancares de León. No galego moderno perdeuse a nasalidade vocálica, resolvéndose o hiato nun ditongo no galego oriental (*cais, canciois*), aínda que en falas do Bierzo pode manterse o hiato (*caes, cancioes*). No resto do dominio lingüístico houbo asimilación a favor da vocal tónica, de aí *cas, canciós* no galego central e *cans, cancións* no occidental (mapa 3).

A solución *-ns*, que é a do galego estándar por motivos fundamentalmente literarios, tamén é propia de falas ourensás da raia de Portugal (Limia Baixa e val de Verín).

### 2.2.2. Resultados das terminacións -ĀNŪM, -ĀNĀM, -ĀNŌS, -ĀNĀS

Nas palabras patrimoniais pódense establecer nove sistemas diferentes (cadro 4):

	A	B	C	D	E	F	G	H	I
-ĀNUM	-ão	-án	-ao	-án	-ao/-á	-ao	-ao	-án	-ao
-ĀNĀM	-ãa/-ã	-án	-á	-án	-á	-án	-án	-án	-á/-án
-ĀNŌS	-ãos	-áns	-aos	-ás	-aos/-ás	-aos	-aos	-áns	-aos
-ĀNĀS	-ãas/-ãs	-áns	-ás	-ás	-ás	-ás	-áns	-ás	-ás

Cadro 4 (Fernández Rei 1990: 59)

O sistema A, que é o do galego medieval, aínda se conserva nos Ancares de León. O sistema B, con indistinción xenérica en singular e plural, caracteriza o galego occidental: (*o/a irmán, (o) verán, (a) mazán*, cos plurais *irmáns, veráns, mazáns*). O sistema C, propio da maioría das falas centro-orientais, presenta diferenciación xenérica: masc. *irmao(s), verao(s)* / fem. *irmá(s), fem. mazá(s)*. Os sistemas D, E, F, G e H rexístranse en falas de transición entre o galego occidental e o central e o sistema I é propio de falas arraianas do leste de Ourense e do galego de Zamora (mapa 4).

No galego estándar a solución é masc. *-án (irmán, verán)* e fem. *-á (irmá, mazá)*.

### 2.2.3. *Suxeito pronominal ti / tu*

O galego antigo posuía para o pronome de segunda persoa singular dúas formas tónicas: *tu* (suxeito) e *ti* (complemento con preposición): *tu vas / vou por ti*. No galego moderno, a Galicia occidental e parte da central reduciu as dúas formas tónicas a unha: *ti vas / vou por ti*, mentres o resto do dominio lingüístico conserva as formas antigas (mapa 5). O uso no galego escrito da forma *ti*, mesmo por autores non occidentais, e o diferencialismo respecto do castelán favoreceu que hoxe sexa a variante estandarizada.

### 2.2.4. *Demostrativos e pronome el / il*

Existen varios paradigmas de demostrativos. O máis estendido é *este, esta, esto* (e *ese, esa, eso; aquel, aquela, aquilo*) cunha única marca para a diferenciación do xénero. No centro e S de Lugo e na maior parte de Ourense hai hipercharacterización nas formas masculinas (*iste, esta, esto*) e no NE da Coruña e no centro e S de Pontevedra as formas neutras son as hipercharacterizadas (*este, esta, isto*, paradigma do galego común).

A distribución do pronome persoal *el / il* (mapa 5) é semellante á de *este / iste*, aínda que *il* ocupa unha extensión algo maior ca *iste*.

### 2.2.5. *Distribución das terminacións -des / -ndes / -is / -s*

O conservador sufixo de número e persoa *-des* (mapa 6), que é a forma do galego estándar, é a solución maioritaria da P<sup>5</sup> (*cantades*). No Baixo Miño e no S de Ourense rexístrase *-ndes* (*cantandes*) e no galego oriental e no Baixo Miño o xeral é a solución innovadora *-is* (*cantais*). Outra solución innovadora é o sufixo *-s* (*cantás*), propia de falas occidentais da Coruña, en concorrencia con *-des*.

No imperativo as terminacións son *-de, -nde, -i, -Ø* (*cantade, cantande, cantai, cantá*), cunha distribución semellante a *-des, -ndes, -is, -s*; pero en falas do S de Pontevedra e boa parte de Ourense a *cantades* correspóndelle un imperativo *cantai*.

No perfecto a terminación xeral da P<sup>5</sup> é *-stes* (*cantastes*), que é a forma do galego estándar, coa variante *-steis* nalgún punto oriental. Minoritarias son *-stedes* e *-chedes* que aparecen en puntos espallados de todo o dominio lingüístico. En falas occidentais, especialmente fisterrás, onde existe sincretismo entre P2 e P5 de perfecto (*ti e vós cantastes*, e mesmo *ti e vós cantaches*) a forma hipercharacterizada distingue a P2 *cantastes* da P5 *cantástedes* (e P2 *cantaches* da P5 *cantáchedes*).



### 2.2.6. Vogal temática da P<sup>2</sup> dos perfectos fracos da C-II

No galego occidental e en parte da Limia Baixa a P<sup>2</sup> dos perfectos fracos dos verbos en *-er* presenta a vogal temática innovadora *e* (mapa 7) nas formas *colleche(s)* e *colleste(s)*. No resto do territorio lingüístico o xeral é o mantemento da vogal etimolóxica *i* en *colliche(s)*, *vendiche(s)*, que é a solución do galego estándar (*colliches*), cunha illa no centro de Galicia coa solución conservadora e coa innovadora.

### 2.2.7. Vogal temática da P<sup>3</sup> dos perfectos fracos da C-II e C-III

A P<sup>3</sup> dos perfectos fracos da segunda conxugación presenta vogal temática *e* (*colleu*, *vendeu*) na maioría das falas galegas. No occidente coruñés (Bergantiños, Soneira, Xallas, Fisterra...) esa vogal é *i* (*colliu*, *vendiu*), como en *partiu* (mapa 8). Nos verbos da terceira conxugación a vogal temática é *i* (*partiu*, *subiu*) na zona coruñesa de *colliu* e nunha amplísima área que abrangue o galego oriental, centro e S de Lugo, Ourense e S de Pontevedra (mapa 8), mentres que no resto do dominio lingüístico se rexistra *e* (*parteu*, *subeu*), como en *colleu*. No galego de León tamén se di *colliu*, *vendiu*, como en falas fisterrás; pero mentres nestas falas a vogal analóxica só se rexistra na P<sup>3</sup> do perfecto, en ancarés e en falas bercianas a vogal *i* pode aparecer en todo o tema de perfecto dos verbos da C-II (*collimos*, *collira*, *collise*).

No galego estándar diferénciase a P<sup>3</sup> do perfecto dos verbos da C-II (*colleu*) e da C-III (*partiu*) pola presenza da vogal temática *e* ou *i* propia de cada conxugación.

### 2.2.8. Radical dos verbos irregulares

Existe moita variación nos verbos irregulares, especialmente no radical. Algunhas formas teñen tradición no galego escrito, caso de *traguer* ‘traer’, propio de falas de Lugo e Ourense, pero non descoñecido de falares coruñeses (Costa da Morte, A Capelada, A Ulla), onde concorre coa forma estándar *traer*. Tamén conta con tradición literaria *faguer* ‘facer’, propio de falas ourensás, onde pode concorrer con *faer*. E tamén foron moi usadas as formas mindonienses *esteña* ‘esteá’ e *seña* ‘sea’.

## 2.3. Sintaxe

A distinción do galego estándar entre o pronome *te* para complemento directo (*vinte na festa*) e *che* para o complemento indirecto (*deiche o libro*) é característica da maior parte das falas galegas (mapa 9). Nalgunhas non hai tal distinción ó empregarse só un deses pronomes para as dúas funcións:

### 2.3.1. *Cheísmo*

Trátase do emprego do pronome *che* para o complemento directo (*vinche na festa*) e indirecto (*deiche o libro*), propio de falas coruñesas (Fisterra, Soneira, Xallas, Barbanza...). Non aparece cos verbos reflexivos (*lávaste*, non *\*lávasteche*) (mapa 9).

### 2.3.2. *Teísmo*

Consiste no emprego do pronome *te* para o complemento directo (*vinte na festa*) e indirecto (*deite o libro*), propio de falas arraianas do Baixo Miño, da Mezquita ourensá e dos concellos de Lubián e Hermisende nas Portelas de Zamora (mapa 9).

## 2.4. Léxico

No campo da fonética e da morfoloxía o número de variantes é escaso de maneira que ás áreas poden ser dúas ou tres, e excepcionalmente catro ou máis. Polo que respecta ó léxico, no galego popular moitos conceptos presentan un único significante en todo o dominio lingüístico, como ocorre con *can* para designar o mamífero carnívoro doméstico da familia dos cánidos<sup>6</sup>.

Unha forma léxica pode existir en todo o territorio lingüístico, pero con diferentes significados, como pasa con *cheirar* ‘dar olor’ (mapa 10), que en falas do occidente coruñés e do galego meridional, en principio, ten unha significación neutra, polo que cómpre especificalo cun adverbio como *mal* ou *ben*; no galego centro-setentrional hai unha distinción semántica entre *ulir* (e variantes *oler* e *olear*), cun sentido xeralmente positivo, e *cheirar*, con significación negativa.

Outras veces un concepto pode ter moitas denominacións. É o caso da folla de piñeiro que no galego occidental e central se denomina *agulla*, *agulleta*, *candea*, *fáisca*, *fronza*, *gueldo*, *louza*, *penica*, *paúlo*, *pobela*, *pruma* e moitas outras entre as que está *arume*, propia de falas de Bergantiños e ben coñecida no galego común mercé ó poema “Os pinos” de Pondal, texto do Himno galego.

### 2.4.1. *Concepto ‘amencer’*

---

<sup>6</sup> A forma feminina é *cadela*, co sinónimo *cuza* en falas orientais de Lugo e no galego de Asturias, onde tamén se di *canza* e mesmo pode ouvirse *cuz* para *can*.

Existe unha gran variedade de formas para a expresión do concepto *amencer*<sup>7</sup>. No mapa 11 pode verse a repartición das áreas léxicas dos derivados galegos do latín \*ADMANESCERE: *amaecer* (e variantes *amaicer* e *ameicer*), propia do galego de Asturias e falas de Lugo veciñas; *amencer* (e variantes *mencer* e *amancer*) no NO da Coruña e no N e L de Lugo, con puntos illados no resto do dominio lingüístico; *amañecer* (e *amañeser* con seseo) o galego de Zamora e nunha grande área que abrangue Ourense, S de Lugo e falas da Coruña e Pontevedra. O castelanismo *amanecer* (e *amaneser* con seseo) desprazou a correspondente forma patrimonial no galego do Bierzo (e en parte do de Zamora) e nas falas da costa entre Cedeira e Vigo, á vez que se introduciu entre as áreas de *amencer* e *amañecer*.

O concepto ‘amencer’ tamén se pode expresar con sintagmas verbais en que aparece o substantivo *día* (mapa 12). A área máis extensa corresponde a *abri-lo día*, do galego centro-setentrional, sintagma que ademais pode usarse para ‘estiñar’ ou ‘parar de chover’; *rompe-lo día* é propio do galego meridional e *ser día* é de falas eonaviegas e bercianas, con mostras espalladas na Galicia administrativa. No interior destas tres áreas rexístranse os sintagmas *raia-lo día*, *nace-lo día*, *apunta-lo día*, *sali-lo día* e *vi-lo día*, ben como forma única, ben en concorrencia con *abri-lo día*, *rompe-lo día* ou *ser día*<sup>8</sup>.

#### 2.4.2. *Días da semana*

No galego oral as principais formas para o primeiro día da semana son a oriental *luis*, a central *lus* e a occidental e estándar *luns*, que concorren co castelanismo *lunes*, especialmente en falas centro-orientais. Para o terceiro día da semana a forma xeral recollida no *ALGa* foi o castelanismo *miércoles*, con algunha mostra do patrimonial (e actual forma estándar) *mércores* no leste de Lugo e no Bierzo. En varios puntos espallados de Lugo, nun de Asturias e en dous da área fisterrá rexistrouse *mércoles*, que podería ser, especialmente en puntos orientais, evolución de *mércores*, máis que galeguización da forma castelá (*ALGa* IV: 2003, mapa 141).

Para o cuarto día da semana (mapa 13) a forma hoxe estándar *xoves* só se rexistrou na área mindoniense, en puntos de Lugo alleos a esta área e nalgún punto do galego de Asturias, mentres que *venres*, voz do galego estándar para o quinto día da semana, é

<sup>7</sup> Véxanse ó respecto os mapas dedicados a ‘amencer’ en *ALGa* IV (2003: mapas 1a, 1b, 1c, 1d, 1e, 1f).

<sup>8</sup> Este concepto tamén se pode expresar con sintagmas verbais co substantivo *sol*, dos que *raia-lo sol* (e variantes *arraia-lo sol* e *arrea-lo sol*) é o máis estendido; con verbos como *alborexar*, *clarear* e *lumbrigar* (e variantes); con substantivos ou adxectivos e participios substantivos como *madrugada*,

exclusiva do galego oriental, onde constitúe unha área que vai da Mariña lucense e asturiana ata o Bierzo (ALGa IV: 2003, mapa 143). Os castelanismos *jueves* (adaptado foneticamente como *xueves* nalgún punto) e *viernes* eran as formas máis usadas no galego popular, rexistrándose por todo o dominio do galego. A forma *vernes* anotada en puntos do galego oriental e nalgúns occidentais podería ser evolución de *venres* máis que adaptación do castelanismo, especialmente na conservadora zona oriental

A Igrexa cristiá pretendeu suprimi-las designaciones pagás dos días da semana, baseadas nos nomes dos planetas, polo que estendeu nas comunidades cristiás o emprego numeral que ten como base o sábado. A partir do séc. II os grupos de cristiáns procuran independizarse do rito xudeu, polo que se abandona cada vez máis a festa do sábado, que se substitúe polo día seguinte como festa do Señor, o que favorecerá nos países occidentais un novo sistema do tipo SABBATUS, DIES DOMINICA, SECUNDA SABBATI, TERTIA SABBATI, etc., e pouco a pouco o SECUNDA SABBATI irá perdendo terreo ante a nova designación oficial de SECUNDA FEIRA. En portugués triunfaron plenamente as formas *segunda feira* ‘luns’, *terça feira* ‘martes’, etc., aínda que actualmente se van impondo na lingua falada as formas reducidas *segunda*, *terça*, etc., con perda do substantivo *feira* (ALIR 1996: 38-40).

En galego o sistema cristián de feiras é un sistema incompleto, lembrado pola xente (moi) maior máis que usado, e especialmente nos casos da *cuarta/corta* e da *quinta* feiras, que se anotou, sobre todo, no occidente de Ourense e en localidades das dioceses de Santiago e Tui-Vigo (Fernández Rei 2002: 166-168).

Nas entradas correspondentes a *luns*, *martes*, *mércores*, *xoves* e *venres* (e entre as acepcións da entrada *feira*) dos dicionarios galegos, as formas estándares minoritarias no galego oral teñen sempre como sinónimo os termos con *feira*, con algunhas variantes nos adxectivos das formas con *feira* para martes e mércores.

### 3. BLOQUES E ÁREAS LINGÜÍSTICAS DO GALEGO ACTUAL

Tendo en conta o número de fenómenos compartidos, fundamentalmente fonéticos e morfolóxicos, o mapa do galego actual pode dividirse en tres grandes complexos ou *bloques* lingüísticos (mapa 14): occidental, que comprende case toda a provincia de Pontevedra e metade da Coruña; central, que comprende a outra metade da Coruña e case todo Lugo e Ourense; e oriental, que comprende unha franxa ós dous

---

*alba*, *amañecida*, *abrente*; e con frases baseadas na forma *luz* como *luz do día*, *luz da mañán* e *luzada* (García 1974).

lados da raia de Galicia coas comarcas estremeiras de Asturias, León e Zamora. A falta de coincidencia de isoglosas (tanto fonéticas como morfolóxicas ou léxicas) fai dificultoso que se poida falar de dialectos na lingua galega<sup>9</sup>.

### 3.1. Bloque occidental

Delimítase do bloque central coa isoglosa *pantalóns / pantalós* (mapa 3). Presenta gheada (*amigho*), seseo posnuclear (*lus, rapás*), metafónías e outras alteracións das vocais de grao medio (*ela* [ʼε], *tempo* [ʼe], *hora* [ʼɔ], *ollo* [ʼo]), terminación *-án* (*irmán* masc. e fem.), plural *-ns* (*cans*), pronome suxeito *ti*, vocal temática *e* [ʼe] analóxica na P<sup>2</sup> de perfecto *colleches* e terminación *-des* maioritaria (*cantades*), en concorrencia coas minoritarias e innovadoras *-s, -ndes* e *-is* (*cantás, cantandes, cantais*).

Comprende tres áreas: a) **fisterrá** (B), con seseo nuclear (*faser*) e cheísmo (*xa che vin*); b) **bergantiñá** (A), sen seseo nuclear (*faser*) e sen a inestabilidade do <x> [ʃ] de *dixo* nin o cheísmo propio dos falares fisterrás; c) **pontevedresa** (C), sen cheísmo e con formas *cantabamos, cantaramos* con acentuación etimolóxica fronte a *cantábamos* (e *cantábanos*), *cantáramos* (e *cantáranos*) das falas fisterrás e dalgunhas bergantiñás.

### 3.2. Bloque central

Delimítase do bloque occidental coa isoglosa *pantalóns / pantalós* e do oriental coa de *pantalós / pantalois* (mapa 3). Caracterízase pola presenza de gheada (*amigho*) na zona occidental do bloque, ausencia xeral de seseo, ditongo *oi* maioritario (*moito, loita, oito, coiro*), plural *cas, pantalós* (sg. *can, pantalón*) e terminación *-des* maioritaria (*cantades*). Comparte co bloque oriental a terminación *-ao / -á* (*irmao / irmá*) maioritaria e a vocal temática *i* etimolóxica en *colliche(s)*.

Comprende dúas grandes áreas con relativa unidade: a **mindoniense** (D), co sufixo modal-temporal *e* [ε] na P<sup>4</sup> e P<sup>5</sup> do presente de subxuntivo de todas as conxugacións (*cantèmos, collèmos, partèmos*) fronte á distinción *e* [ʼe] / *a* (*cantemos / collamos, partamos*) do galego común, e coa distinción *lle / lles* e *llo / llelo* (mapa 5) do galego común fronte á indistinción da maioría das falas galegas que só usan *lle* e *llo*; e a área **lucu-auriense** (E), co pronome persoal *il* e os demostrativos *iste, ise* e *aquil*. As falas do bloque central que quedan entre as áreas mindoniense e lucu-auriense

---

<sup>9</sup> Para unha detallada caracterización lingüística dos bloques, áreas e subáreas vid. Fernández Rei (1990: 110-151). En Fernández Rei / Hermida Gulías (1996) figuran textos orais de cada área (audio e texto).

pertencen á extensa e heteroxénea *área central de transición* (F), mentres que as falas do SE non incluídos na lucu-auriense forman a pequena *área oriental de transición* (G).

### 3.3. Bloque oriental

A isoglosa *pantalós / pantalois* (mapa 3) delimita o bloque central do oriental, mentres que a das formas aditongadas (*pedra* e *porta*) e a das formas sen *n* intervocálico (*chao* e *pantalois*) permiten xebrar o galego oriental do astur-leonés occidental, que ten formas ditongadas (*piedra, puorta ~ puerta*) e mantén o *n* (*chano ~ llano, pantalones*).

As falas orientais presentan ditongos *oi* (*oito* e *noite*) e *ui* (*muito* e *truita*, ou ben *muto* e *truta*, *mutio* e *trutia*); formas *cuatro* ‘catro’ e *guardar* ‘gardar’, como en case todo o galego ourensán e o Baixo Miño; formas *baxo* ‘baixo’ e *caxa* ‘caixa’; terminación *-ín* en *camín* ‘camiño’, *lin* ‘liño’, agás no galego de Zamora e nas falas ourensás deste bloque, coa solución *-iño* do galego común; plural en *-is* en formas como *animais* e *caracois*, que son as do galego común, agás no galego de Asturias e falas de Lugo veciñas con mantemento xeral do *-L-*; plural en *-is* dos nomes rematadas en *-n* (*cais, pantalois*); terminación *-is* maioritaria (*cantais, cantábais*), en concorrencia con *-des* do galego común, especialmente no Eo-Navia; formas verbais *cantein ~ cantén* ‘cantei’, *cantarein ~ cantarén* ‘cantarei’, *hein ~ hen* ‘hei’; *sein ~ sen* ‘sei’ na maioría das falas orientais; e formas temáticas *fais, fain* ‘fas, fan’ ou *pois, poin* ‘pos, poñen’.

No galego oriental poden delimitarse catro áreas: a) *asturiana* (H), coa terminación *-ín* do bloque oriental (*molín* ‘muíño’) e *-íus, -ía(s)* exclusiva do galego eonaviego (*vecíus* ‘veciños’, *vecía* ‘veciña’) e artigo determinado *el ~ l* (*el amigo ~ l’amigo, al riu*); b) *ancaresa* (I), con vocais nasalizadas (*abrãeiro* ‘abelaira’, *chão* ‘chan’, *tardã* ‘tardiña’, *xãesta* ‘xesta’, *ũa* ‘unha’); c) *zamorana* (L), coas formas da P<sup>1</sup> de perfecto *collí* ‘collín’, *partí* ‘partín’ e *fice* ‘fixen’, propias tamén do ancarés; d) *área oriental-central* (M), que comprende as falas deste bloque non encadradas nas áreas asturiana, ancaresa e zamorana.

## 4. A CODIFICACIÓN DO GALEGO MODERNO

Ata a segunda metade do séc. XX en Galicia non existiu nin unha Academia nin ningunha individualidade que propuxesen un modelo lingüístico de referencia, o que explica que en ortografía e morfoloxía valese case todo e en léxico todo e moito máis, se temos en conta as voces inventadas por moi diversos procedementos.

Nos anos 70 e comezos dos 80 do séc. XX houbo un florecemento de propostas de normas ortográficas e morfolóxicas (Fernández Rei 2001: 534-538); pero cando o galego estendeu a súa produción literaria e, sobre todo, cando se lle abriron funcións novas e se converteu nos anos 80 en materia de ensino regrado non podía continuar a inexistencia dunha codificación oficial máis ou menos flexible. De aí o decreto 173/1982, do 17 de novembro da Xunta de Galicia, sobre a normativización da Lingua Galega, que no art. 1º dispoñía como “norma básica para a unidade ortográfica e morfolóxica da Lingua Galega” as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (ILG-RAG 1982) aprobadas o 3 de xullo de 1982 polo Instituto da Lingua Galega e a Real Academia Galega. O art. 2º do devandito decreto establecía que estas institucións “poderán, previo acordo conxunto, elevar á Xunta de Galicia cantas melloras estimen convenientes incorporar ás normas básicas”.

Uns meses despois, a Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística aprobada polo Parlamento de Galicia, na súa disposición adicional establecía que “nas cuestións relativas á normativa, actualización e uso correcto da lingua galega, se estimará como criterio de autoridade o establecido pola Real Academia Galega”, á vez que indicaba que a “normativa será revisada en función do proceso de normalización do uso do galego”. O Parlamento retiroulle toda competencia relativa á actualización da normativa ó ILG, que levara o peso fundamental na redacción da normativa vixente. Aínda así, o ILG seguiu traballando (e levando o peso fundamental) en aspectos de codificación léxica, como o *Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega* (ILG-RAG 1989), e na actualización da normativa, como ocorreu co “texto, revisado, actualizado e ampliado” das *Normas* (12ª ed., maio 1995)<sup>10</sup>.

#### **4.1. Codificación fonética e morfolóxica**

En xeral os falares do bloque central son os mellor representados tanto na fonética como na morfoloxía, pero as escollas poden corresponder a variedades xeográficas dos outros

---

<sup>10</sup> O 12 de xullo de 2003 a Real Academia Galega aprobou unha reforma das devanditas *Normas* (18ª ed. revisada, decembro 2003) a proposta dunha Comisión de Estudo formada por catro académicos numerarios, tres representantes dos Departamentos de Filoloxía Galega das tres Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo e un representante do Instituto da Lingua Galega. Seguindo o ronsel das *Normas* de 1982, as reformas introducidas, tal como se sinala na introdución, “baséanse fundamentalmente na lingua viva falada polo noso pobo, limpa dos elementos alleos que non son necesarios, trata de seguir a mellor tradición histórica, busca que nela se sintan representados a maioría dos falantes e procura ser coherente coas demais linguas da cultura”. A procura dunha concordia entre os usuarios da lingua galega explica que na reforma do 2003 “se introducisen aspectos asumibles doutras propostas normativas. Esta é a inclusión de solucións dobres, algunhas das cales xa estaban nas normas anteriores pero quizais non formuladas coa suficiente claridade”.

bloques ou só dalgunha das súas áreas, ás veces con escasa demografía, tal como xa se foi vendo ó ir tratando os fenómenos caracterizadores das variedades diatópicas.

#### **4.1.1. Solucións “maioiritarias” e tradición literaria**

Propio do bloque occidental é o plural *cans* e a terminación *-án* de (*meu*) *irmán* e de *verán* do galego estándar, como tamén o é o pronome suxeito *ti*, que penetra amplamente no bloque central. De uso xeral no bloque central e de moitas falas do bloque occidental é o ditongo *oi* de *moito*, *noite* e *coiro* e a terminación *-des* de *cantades* do galego común, mentres que se consideran dialectais formas como as fisterrás *multo*, *nuite*, *cuiro* e *cantás* ou as orientais *mutio* / *muto* / *multo* e *cantais*.

A terminación feminina *-á* de *irmá* e *mazá* ou a vocal temática *i* de *colliches* do galego estándar son solucións dos bloques central e oriental, polo que *irmán* (fem.), *mazán* e *vendeches*, propias de todo o bloque occidental, son considerados dialectalismos. Aínda que seseo e gheada se admiten na pronuncia do alfabeto da normativa vixente, a súa práctica ausencia de usos formais fai que o galego occidental (e en parte o central no caso da gheada) non se vexa representado no galego oral culto. Ás veces a escolla do estándar representa parcialmente o galego dos tres bloques, como ocorre coa distinción temática entre as formas *colleu* e *partiu* ou coa acentuación paroxítónica etimolóxica de *cantabamos*, *cantariamos* e *cantaramos*.

#### **4.1.2. Solucións minoritarias e harmonización co portugués**

Unha forma estándar pode ser minoritaria xeograficamente, aínda que non tanto demograficamente, caso do deíctico neutro *isto*, *iso* e *aquilo*<sup>11</sup>, propio de falas coruñesas da área mindoniense (bloque central) e da moi poboada zona meridional da área pontevedresa (bloque occidental). Minoritario xeográfica e demograficamente é o plural *animais*, propio do galego de León e de Zamora e de falas ourensás orientais. Moi minoritario no galego popular era o imperfecto *ía* da Limia Baixa e de falas do bloque occidental (Salnés, Morrazo e Condado), fronte á variedade *iña* de falas fisterrás e ó suposto castelanismo *iba*, de uso xeral no galego popular. E moito máis minoritaria era a forma verbal *sexa* adoptada como estándar, que só se rexistrara nuns puntos moi espallados e que se preferiu á forma maioritaria *sea* (e variante *sía* de falas eonaviegas) e á mindoniense *seña*, con tradición no galego escrito.

---

<sup>11</sup> As formas maioritarias xeograficamente *esto*, *eso*, *aquelo*, que estaban secundarizadas en ILG-RAG (1982), foron eliminadas do paradigma dos demostrativos na reforma normativa de 12 de xullo de 2003.



En todos estes casos (demostrativo *isto*, plural *animais*, formas verbais *ía* e *sexa*, e o mesmo en *andei*, *andara...* no de canto de *andiven*, *andivera...*) a escolla de solucións minoritarias no galego enxebre obedeceu, fundamentalmente, á procura dunha harmonización do galego estándar co actual portugués, polo que se priorizaron ou se rexeitaron variantes tamén galegas, coincidentes coas correspondentes formas castelás.

Algunhas das escollas minoritarias tiñan como aval o feito de estaren documentadas no galego antigo, a onde se acudiu para proponer a preposición *ata* (portugués *até*, con tradición literaria no galego moderno<sup>12</sup>) e rexeitar o castelanismo *hasta* e a variante *hastra*, únicas solucións do galego popular; e do galego medieval procede o sufixo *-bel* (portugués *-vel*), propio do rexistro literario en concorrencia co popular (e tamén literario) *-ble*. O sufixo *-aría* (*cestaría*, *libraría*), maioritario no galego medieval prefírese á solución *-ería* (*cestería*, *librería*), maioritaria na fala, aínda que nas *Normas* de 1982 aceptábanse os dous sufixos, sen priorizar.

Especialmente na lingua escrita, úsanse no galego estándar formas en retroceso, como o infinitivo conxugado, ou ben formas practicamente desaparecidas do galego enxebre, como ocorre co futuro de subxuntivo.

#### 4.2. Codificación léxica

O *Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega* (en adiante *VOLG*) de 1989 antes mencionado, tentou ser para o léxico un complemento equiparable ás *Normas ortográficas e morfolóxicas* de 1982. A pesar do número reducido de entradas (unhas 50.000) e a pesar de ser editado provisoriamente, o *VOLG* foi fundamental na codificación do léxico moderno por ser a base da práctica totalidade dos dicionarios e dos vocabularios galegos dos últimos anos. Segundo Santamarina (2003: 67), non se trata dun dicionario, senón dunha saída de emerxencia “porque a fabricación dun dicionario é cousa de bastantes anos. Os cataláns, que madrugaron máis ca nós, pero que foron cumprindo etapas semellantes ás que se esperaban de nós, tiveron as normas ortográficas en 1913, a gramática no 18 e o dicionario no 32”. Mentres tanto Fabra, o codificador principal do catalán, dirixiu un *Diccionari ortogràfic* (1917), que foi unha saída de emerxencia mentres non se fabricaba o *Diccionari general*.

Santamarina (2003: 71 ss) explicou con abundante exemplificación cales foron os criterios xerais da elaboración do *VOLG*, tanto das voces de tipo “cultural” ou libresco (cómo se adaptan e cántas se admiten) como das voces “vulgares”

(patrimoniais, préstamos compartidos por varios idiomas, préstamos que van do castelán só para o galego) e voces “vulgares” (galegas) para as que é necesaria unha escolla, por tratarse de variantes dunha mesma raíz ou por seren sinónimos de raíces diferentes. Nas liñas que seguen farei un resumo destes criterios<sup>13</sup>.

#### **4.2.1. Adaptación de voces librescas ou “culturais”**

No que respecta á adaptación das voces librescas, moitas palabras cultas (*barómetro, microscopio, bancario, baremo*) acomópanse perfectamente á fonética e á morfoloxía do galego por seren de moitas linguas, e con idéntico dereito son tamén galegas. O límite para moverse neste tipo de voces era relativamente pequeno e viña marcado nos capítulos 7 (grupos consonánticos) e 8 (sufixos e terminacións) das *Normas* (ILG-RAG 1982: 24-46): grupos consonánticos: *bl* e outros casos de *muta cum liquida*; dúas consoantes en grupo heterosilábico (*bc... ct... gm... mn... pn... etc*) ou homosilábico (*ns...*); sufixos (*-cio, ción, -se, -ble, -eo, -ería*).

Unha directriz que se tivo sempre presente foi a da congruencia, como se ve no criterio adoptado cos cultismos gregos con *-y-* (< *v*, ypsilon), que se adaptan con *-i-* (*sinfonía, sílaba* [συν-], *pirómano* [πυρ-], *miocardite* [μυο-], *xeroglífico* [-γλυφ-]...). Esa é a razón pola que se mantivo na mesma familia os derivados do gr. γλυκύς: *glicemia, glicémico, glicérico, glicerina, glícidos, glicina, glicinia, glicol, glicólise, glicolítico, glicosa, glicósido, glicosuria, glicoxénese, glicoxenético, glicóxeno, hiperglicemia, hipoglicemia*, onde se inclúe parte da familia γλυκερός ‘de sabor doce’, da que sae a familia da *glicerina*, dos *triglicéridos* e outros. Neste caso o castelán desmembrou a familia en dous grupos, *gluc-* e *glic-*, e o mesmo noutros idiomas, aínda que a raíz con *-i-* ou *-y-* é maioritaria.

A alternativa do *VOLG* era aceptar, sen máis, un préstamo co castelán como intermediario, que á súa vez podía ter como intermediario o francés ou o inglés, ou recompoñer a familia retrotraéndoa ó latín científico intermediario (real ou imaxinario). As dúas alternativas “teñen xustificación pero pareceunos mellor a segunda porque é a máis coherente (a máis defendible lingüisticamente) e porque nos pareceu que era bo liberar o galego de pasar constantemente pola alfándega do castelán; que nos achegue ó portugués (en xeral coma case sempre) é unha vantaxe engadida” (p. 73).

---

<sup>12</sup> A preposición *até* foi incorporada á normativa vixente na reforma de 2003

<sup>13</sup> Se non hai outra indicación, a(s) páxina(s) citada(s) corresponderá(n) a Santamarina (2003).

Dado que algunhas voces xa teñen certa circulación na fala cun resultado contrario á proposta do *VOLG*, como ocorre con *glucosa*, deixouse como alternativa menos recomendable as formas con *gluc-*, o que explica as formas do cadro 5:

gluc-	<i>Pref</i>	glic=>
glucemia	<i>F</i>	glicemia=>
glúcido	<i>M</i>	glícido=>
glucinio	<i>M</i>	glicinio=>
glucosa	<i>F</i>	glicosa=>
glucósido	<i>M</i>	glicósido=>
glucosuria	<i>F</i>	glicosuria=>

(o signo => quere dicir que as formas con *glic-* son preferentes)

Cadro 5 (Santamarina 2003: 73)

#### 4.2.2. *Depuración de voces “vulgares”: recurso ó galego antigo e ó portugués .*

O contacto lingüístico entre unha lingua hexemónica (a da escola, da Igrexa e dos media) e outra subalterna (a da rúa, da familia) motivou que circulasen unilateralmente do castelán para o galego unha gran cantidade de préstamos de necesidade (*bombilla*) e de luxo (*caña* ou *cizaña*), e tamén por vía de calco (*lagoa* ‘espazo borrado irrecuperable nun texto ou na memoria’)

O criterio seguido no *VOLG* foi a depuración, que se podería contemplar dunha maneira radical, “segundo a cal o portugués moderno é o que tería sido o galego de non ter pasado por unha decadencia; outra, que considera que tamén o galego puido ter unha deriva propia, ou dito doutra maneira: non todo o que está no galego moderno e que discrepa do portugués ten que ser necesariamente galego corrupto” (p. 81). Adoptouse a segunda solución por ser máis realista, e porque de ptarse pola primeira, habería que retirar “palabras que son galegas desde as orixes, aceptar os castelanismos que ten o portugués mesmo, e aínda máis, converter o galego para os galegos case nunha segunda lingua que só se podería dominar por unha aprendizaxe escolar” (p. 81-82).

Para discriminar o bo do mau galego acudiuse á gramática histórica, que di que voces populares como *alambre*, *calle*, *Dios*, *sangre* ou *sangre* non son galegas por incumpriren as leis da gramática histórica galega. Con todo, hai castelanismos seculares, se cadra irreversibles, que se optou por deixar, como *medrar* (e familia) ou *pucheiro*.

Cando a gramática histórica non axudaba, e mesmo cando axuda, recórrese á documentación antiga achegada por dicionarios etimolóxicos e glosarios de textos medievais galegos e portugueses, tendo en conta asemade as solucións das principais

linguas románicas, e particularmente os resultados do portugués moderno. Eis unha mostra deste xeito de operar:

As terminacións *-zo* (*vezo*) e *-cio* (*vicio*) son galegas (aínda que unha máis patrimonial cá outra); o mesmo *-zar* (*comezar*) e *-ciar* (*arreciar*) (en pt. o noso *z* é un *ç*); daquela, *prezo* e *precio* poderían ser galegas (ou castelás) o mesmo que *aprezar* e *apreciar* pero polos textos antigos sabemos que a forma patrimonial era *prezo* (*preço*) que aparece en textos do XIX e do XX aínda que posiblemente era forma libresca (dubidamos que sexa forma viva). Sabido iso pódese tomar unha determinación. Ora, neste caso a nosa decisión non pode deixar de tomar en consideración que *prezo* é a cabeza dunha importante familia léxica entre cuxos membros se encontra (poñámoslos de momento así) *precioso*, *preciosismo*, *apreciar*, *apreciación*, *despreciar*, *despreciativo*, *despreciable*, *menosprecio*, *menospreciar*, *depreciación*... (p. 82)

De optar por *prezo* (pero *depreciación*) a familia léxica convértese en inmotivada, o que supón unha sobrecarga para aprendizaxe do idioma e unha fonte de inseguridades á hora de construír o vocabulario galego, porque a escolla entre *-zo* ou *-cio* non afecta só ás palabras desta familia, polo que hai que había que decidir entre o principio do enxebrismo ou o da simplificación para evitar irregularidades innecesarias.

Pois ben, neste caso axudounos a saír da dúbida, botarmos unha ollada ás restantes linguas románicas; en case todas (póñoas en castelán) *precio*, *desprecio* e *menosprecio* dinse con voces populares: cat. *preu*, *prear*, *menyspreu*, *menysprear* (pero *apreciar*, *apreciable*, *apreciació*...); fr. *prix*, *priser*, *mépris*, *mépriser*, *méprisable* (pero *apprécier*, *appréciatif*, *appréciation*, *déprécier*, *précieux*, *préciosité*...; o it. é un pouco máis confuso: ten *preggio* e *preggiare* no sentido moral de ‘estima’ e ‘ter estima’ e *prezzo* *prezzare* etc. (tamén populares) no sentido comercial, con toda a familia. Con todo isto á vista acabamos inclinándonos, non con total convencemento, pola solución enxebrista de *prezo*, *prezar*, *desprezo*, *desprezar*, *menosprezo* por un lado e *aprecio*, *apreciar*, *depreciar*, *precioso* por outro. É case a solución portuguesa. (p. 83)

Ó recurso ó galego antigo e ó portugués moderno permitiu reintroducir moitas outras voces con nula ou moi escasa presenza no galego popular, como *Deus*, *estrada*, *rúa*, *alugar*, *pentear* e tantas outras hoxe que en rexistros formais practicamente desprazaron os correspondentes castelanismos. O portugués explica que formas ‘portuguesas’ como *igreja*, *testemuño* desprazasen as ‘galegas’ de vello *eirexa*, *testemoio* ou que unha forma *nu* do galego medieval (popular do Miño ó Algarve) tamén se codificase como sinónimo de *espido* (e variante *despido*), moi usada tanto no galego estándar como no popular, aínda que nestes caso está a ser desprazada polo castelanismo *desnudo* (Fernández Rei 2001: 538).

Nos neoloxismos compartidos por castelán e galego, cando o préstamo pode ser un castelanismo de luxo, de haber unha forma patrimonial galega sinónima ou moi próxima, o criterio do *VOLG* foi “propoñer unha substitución ou ampliar o abano de significacións dunha voz galega para substituír o castelanismo: así para *descalabro* propoñemos *desfeita*; para *escotilla*, *trapela*; para *galpón*, *pendello*; para *boquilla*, *embocadura*; para *chaparrón*, *ballón*...” (p. 84).

Cando faltaba unha voz patrimonial galega aproveitable por sinonimia ou para ampliación de sentidos, acudiuse case sempre ó portugués, que toma a voz dun idioma distinto do castelán ou produciu innovacións máis próximas ós étimos (que pertencen a outra lingua moderna) ou xerou el mesmo un novo termo con procedementos máis acordes coa estrutura do galego. De aí propostas de substitución de voces de uso corrente no galego oral, como as do cadro 6, polas correspondentes formas portuguesas:

<b>Cast. e galego oral</b>	<b>(portugués) e galego VOLG</b>	
Contraseña	(contra-sinal) <b>contrasinal</b>	
Corbata	<b>Gravata</b>	<i>fr.</i> cravate
Corresponsal	<b>Correspondente (s.)</b>	
Cruce	<b>Cruzamento</b>	
Charol (1684)	(charão 1588) <b>charón</b>	
Cuantía	(contia) <b>contía</b>	
Chino	(chinês) <b>chinés</b>	
Decomiso	(comisso) <b>comiso</b>	
Desapacible	(desaprazível) <b>desapracible</b>	
Detentar	<b>Deter</b>	
Disminuir	(diminuir) <b>diminuír</b>	
Engranar	<b>Engrenar</b>	<i>fr.</i> engrener
Gaseosa	<b>Gasosa</b>	<i>it.</i> gassosa; <i>fr.</i> (eau) gazeuse
Grúa	<b>Guindastre</b>	
Depositaria	<b>caixa de depósitos</b>	
Chicle	<b>goma de mascar</b>	

Cadro 6 (Santamarina 2003: 84)

Outras veces a adaptación de estranxeirismos á fonética galega fixo achegarse tamén ó portugués, como ocorreu ó preferir formas como *bolxevique*, *clixé*, *xilaba* ou *xintoísmo* co [ʃ] das linguas orixinarias. Con todo, houbo unha certa dosificación no recurso ó portugués, o que explica que no canto do pt. *treinar* (anglicismo) e do cast. *entrenar* (galicismo) se preferise *adestrar*, voz algo máis xenérica, que xa circulaba en léxicos de deportes e se usaba nas retransmisións da TVG.

Outros dos recursos para fuxir do castelanismo foi a invención de palabras, como pasou con *beirarrúa* e *beiravía*: sobre o esquema de *beirmar* e sobre a forma catalana *voravia* (concorrente de *vorera*) ‘acera’ introduciuse *beirarrúa* e de paso resolveuse tamén o problema de *arcén* como *beiravía*. (Santamarina 2003: 85).

### 4.2.3. Selección entre voces “vulgares” galegas

Nos casos de voces de idéntica orixe con resultados xeográficos diverxentes (*chao* = *chan*, *fiollo* = *fiúncho*, *gado* = *gando*) atendeuse á etimoloxía e á demografía, pero tamén á harmonía coas solucións propostas nas *Normas*, tratando de non condenar máis que o estrictamente necesario para non provocar incomodidade nos falantes.

Condenáronse formas con algunha evolución anómala, como *furruxe*, *imbar*, *badexo*, *aurela*, entre outras moitas, que están moi documentadas, e propúxose admitir só *ferruxe*, *enviar*, *abadexo*<sup>14</sup>, *orela*, *anicar*. No que respecta ás formas toleradas, secundarizáronse por coherencia con outras escollas ou porque demograficamente son pouco representativas; así, segundo o criterio etimolóxico (ou o da forma máis arcaica) figuran como entrada principal *arame*, *eixido*, *espir*, *febra*, *fol*, *gándara*, *gando* entre outras moitas, e como secundarias *aramio*, *enxido*, *despir*, *freba*, *fole*, *gado*.

Se as dúas ou máis formas concorrentes non se puideron priorizar consonte o criterio etimolóxico e o demográfico (ou atendendo á coherencia con outras escollas sistemáticas) optouse por deixar as dúas: *aiga* = *aguia*, *inda* = *aínda*, *aira* = *eira*, *érbedo* = *albedro*, *alcume* = *alcuño*, *ámago* = *sámago*, *amencer* = *amanecer*, de xeito que os que din *aiga* non incorran en ‘falta’ por capricho do codificador (p. 88).

No caso de verdadeiros sinónimos, é dicir, no caso de voces de diferente raíz e significado idéntico ou semellante poden darse dúas situacións: a) que se trate de sinónimos na lingua xeral (*fenda-regaña*, *robra-albaroque*, *panadería-tafona*, *cabeza-testa*, *entender-comprender*), que en linguas moi elaboradas son moi abundantes, aínda que poucas veces intercambiábles ó 100% por existiren preferencias estilísticas; b) que se trate de sinónimos xeograficamente distribuídos, como *parrocha-xouba*, *vagalume-lucecú-vella facendo as papas*, *rello-trelo* etc.

Os do primeiro tipo case non son contemplados no *VOLG*, porque este non é un diccionario de sinónimos. Nos do segundo tipo, cando son dous ou tres ou algún máis, os redactores do *VOLG* foron xenerosos na súa admisión, mesmo cando algunha das áreas léxicas era moi pequena. Así, *saloucar* ten tres sinónimos (*impar*, *salucar*, *sotelar*), pero *cóxegas* ten cinco (*cachogas*, *cóchegas*, *coscas*, *celigras*, *deligras*), *píntega* seis (*pinchorra*, *sacabeira*, *sacarrancha*, *salamántiga*, *sapagueira*) e *gago* outros seis (*tartamudo*, *tatabexo*, *tatexo*, *tato*, *zarabeto*, *zarzallo*) (p. 89).

---

<sup>14</sup> No caso de *abadexo* e a condenada *badexo*, creo que a forma que se debería propoñer é *badexo*, secundarizar a variante *badeixo* e condenar *abadexo* (Fernández Rei 2003: 330-332).

## 5. VARIEDADES SOCIAIS DO GALEGO ACTUAL

A variedade supradialectal codificada foise socializando especialmente a través do ensino, dos media e da administración. Os falantes das variedades do galego popular están en maior ou menor contacto con esa variedade estándar a través da radio e da TV sobre todo, e nas xeracións máis novas mesmo hai quen a aprende na escola.

Non é nada doado delimitar as variedades sociais, porque ás veces case se trata dun contínuum. Aínda así pode dicirse que existen tres principais variedades: o galego enxebre, o galego apreso ou neogalego e o galego estándar, que na nosa descrición coinciden no esencial co galego popular, co ‘novo galego urbano’ e co galego estándar da análise de Regueira (1999).

### 5.1. Galego enxebre

No fundamental é a continuación da lingua galega histórica. Fálao sobre todo a poboación rural e a das pequenas vilas, pero tamén as clases baixas das vilas grandes e cidades. Na fonética afástase claramente do castelán por ter sete vocais tónicas, por presentar no vocalismo átono fenómenos populares como a labialización (*lovar* ‘levar’) ou harmonizacións vocálicas (*dumingo* ‘domingo’, *queixón* ‘caixón’) e pola existencia en determinadas áreas de subsistemas consonánticos con gheada e seseo ou con rotacismo (*or días* ‘os días’), que non son propios do galego estándar.

A morfoloxía nominal e a verbal do galego enxebre poden coincidir ou non coa da variedade estándar; pero noutros aspectos da gramática, en xeral, corresponde co estándar, aínda que algúns fenómenos poden ser propios só de falantes maiores como ocorre co infinitivo conxugado (*cantares, cantarmos...*) ou coa colocación do pronome en frases como *teño que llo levar* fronte ó xeral *teño que levarllo*.

O galego enxebre mantén gran riqueza léxica, con creatividade e precisión semántica, á vez que aínda conserva moita da fraseoloxía galega non interferida pola castelá. Pero asemade presenta moitos castelanismos en campos relacionados coa relixión (*Dios* ‘Deus’, *capilla* ‘capela’), coa administración (*ayuntamiento* ‘concello’, *concejal* ‘concelleiro’, sen adaptación fonética como poden non adaptarse formas como *colegio* ou *registro*) ou en diversos campos (*calle* ‘rúa’, *parexa* ‘parella’, *conexo* ‘coello’ en zonas non rurais ou *pescado* ‘peixe’ en falas afastadas do litoral).

Moitos castelanismos de uso xeral no galego enxebre moi probablemente se deban á prédica relixiosa (e á escola), como ocorre cos días da semana *lunes, miércoles, jueves* e

*viernes*, que practicamente borraron os tradicionais con *feira*, como se sinalou máis arriba. E a prédica relixiosa puido ser causa da expansión de formas como *rodilla* (e *arrodillarse*), xeral a nivel popular no canto de *xoenllo* e *xeonllo*. Á administración (e á escola) seguramente se debe a expansión de nomes de meses como *junio*, *octubre* ou *noviembre*, que en xente maior concorren cos tradicionais *sanxoán*, *outono* (para o décimo mes do ano) e *santos* ou *sanmartiño*.

## 5.2. Galego apreso ou neogalego

Esta variedade emprégana, fundamentalmente, falantes sen base no galego enxebre, procedentes xeralmente de familias que usan maioritariamente o castelán ou que tenden a falar na variedade estándar do galego. Trátase sobre todo de ‘neofalantes urbanos’ que moitas veces pasaron ó uso do galego despois de o aprenderen no sistema escolar e que, en xeral, teñen actitudes moi positivas polo idioma, mostrándose sensibilizados en todo o relativo á normalización social e ó futuro do galego. Por outra parte, tamén se constata a existencia de xente nova (rural, vilega ou urbana), criada entre falantes de galego enxebre que na fonética, p. ex., usa trazos do neogalego por aprenderen a variedade estándar de xente que usa o neogalego ou por contacto con ‘neofalantes urbanos’ que aínda non dominan a variedade supradialectal.

Os neofalantes tenden a unha entoación ben diferenciada do galego enxebre, especialmente á hora de leren un texto, e tenden a usar cinco fonemas vocálicos tónicos, como en castelán, sen a diferenciación das vocais de grao medio propia do galego popular e do estándar. No consonantismo o fonema fricativo /ʃ/ tende a realizarse como apical, como nalgún subsistema seseante, e o [ŋ] velar tende a ser alveolar<sup>15</sup>.

Na sintaxe, por calco de estruturas castelás, téndese á anteposición do pronome átono (\**o colleu* no canto de *colleuno*) ou téndese a neutralizar a distinción *te / che* a favor de *te* (*xa to deu*). A morfoloxía, en xeral, corresponde coa da variedade estándar, aínda que adoita presentar formas como a conxunción /i/ (*pan i viño* por *pan e viño*) e

---

<sup>15</sup> Na análise dos dialectos de Vigo, Vidal Figueroa (1997: 330) considera que “parece imporse a evidencia de que os falantes de galego urbano culto basean a súa pronuncia no modelo consolidado no seu entorno, ou sexa, o padrón das clases medias urbanas instaladas no castelán, aplicándoo ás formas escritas do galego. A este modelo, plenamente homologable a outros dialectos *standard* do castelán peninsular, o galego urbano acrecentou a penas o son [ʃ] para pronunciar o ‘x’ típico do galego. E mesmo nisto se manifesta a súa dependencia do modelo castelán, pois os falantes urbanos cultos deciden a pronuncia do ‘x’ a partir da grafía castelá: cando o ‘x’ coincide co castelán, pronúnciase como nesta lingua; e cando non coincide co castelán, entón pronúnciase á galega (p. e. *xente*, *peixe*, *xunta*... pero tamén termos eruditos como *complexo*, *paradoxo*, *circunflexo*, *saxónico*...)”.



pode non usar a contracción en formas como *en un, con unha...* No léxico téndese ó emprego dun vocabulario purista, evitando castelanismos do galego enxebre (e supostos castelanismos como *Galicia*), pero cálcense termos galegos sobre estruturas léxicas do castelán (*auga de borrxas* por *auga de castañas*).

Nos diversos submodelos reintegracionistas acéptanse castelanismos admitidos polo portugués (*castellano, trecho*), igual que se aceptan formas dialectais (*cuatro, tu, cantábamos*) coincidentes co portugués (e co castelán) ou ben arcaísmos como *dicer* (port. *dizer*) no canto do galego *dicir* (ou o dialectal *decer*).

Regueira (1999: 869) considera que hai indicios abondos para defender que se se trata “dun modelo estable e ben valorado socialmente”, unha variedade usada de xeito continuado por “numerosos membros da xuventude urbana galegofalante (monolingüe ou case monolingüe en galego)”, pero tamén por moita outra xente comprometida coa normalización do galego e coas ideas galeguistas. Tamén a usan algúns profesionais que teñen que expresarse en galego (dobradores, xente do teatro e dos media...), xeralmente de procedencia urbana co castelán como lingua inicial e interesados en afastáranse do galego falado polas clases baixas, especialmente a nivel oral, porque para algunha xente o galego enxebre aínda connota atraso e ‘ruralidade’.

### 5.3. Galego estándar

En gran medida coincide coa variedade codificada de que se falou máis arriba, aínda que pode desbordala, especialmente no plano léxico, que é onde o falante e de xeito especial o creador literario ten máis liberdade de acción.

Como xa se indicou, na fonética evítanse sistematicamente marcadores sociolingüísticos como a gheada e o seseo e úsanse solucións maioritarias no galego popular como o ditongo *oi* (*moito, escoitar, noite*). Na morfoloxía hai solucións “maioritarias” popularmente con tradición literaria (plural *cans*, pronome suxeito *ti*, forma *cantades*); pero tamén solucións minoritarias no galego popular (demostrativo *isto*, plural *animais...*) e úsanse, especialmente na escrita, formas en retroceso (infinitivo conxugado) ou practicamente desaparecidas (futuro de subxuntivo).

No léxico evítanse os castelanismos históricos, de aí o uso de formas como *Deus, doazón, galego, xuíz* no canto das populares *Dios, donación, gallego, xuez*; e úsanse cultismos e estranxeirismos como *investir, orzamento, hall* e tantos outros. Hai escollas en que é importante a tradición literaria, o que explique a frecuencia no galego escrito,

por ex., da occidental e rosaliana *nai* fronte á central *mai* e a *madre*, xeral no galego oriental, en concorrencia con *mai*, especialmente en falas próximas á raia de Portugal.

O galego estándar está actualmente consolidado entre xente de clase media urbana, especialmente relacionada coa cultura, co ensino ou coa política. Trátase dunha variedade media para a comunicación formal que, en principio, tanto a pode empregar quen habitualmente usa o galego enxebre (variedade popular tradicional) como quen usa o galego apreso (variedade popularizada a nivel urbano). Para Kabatek (2000) moitos falantes empregan o galego popular e o estándar como rexistros distintos, que se asocian respectivamente á informalidade e á formalidade da situación comunicativa.

Nos anos 70 do século pasado, a situación lingüística do galego en todo o seu territorio lingüístico era claramente diglósica, tal como a definira Fishman, coa presenza dunha lingua alta (a castelá) e dunha lingua baixa (a galega), pero en situación social conflictiva, co galego tratando de gañar algúns ámbitos de uso prestixiosos.

A comezos do séc. XXI a situación do galego en Galicia é claramente macrodiglósica, semellante á observada por Trumper (1977) en situacións como a do Véneto italiano, caracterizadas pola superposición funcional de italiano (lingua alta) e de *dialetto* (lingua baixa) en certos contextos, pola presenza dunha *koiné* dialectal (lingua media) e pola abundancia de enunciados mistilingües. A macrodiglosia de Trumper vén equivaler á ‘dobre diglosa superposta’ que Fasold (1987) describiría posteriormente para a situación de Tanzania, onde unha fala local é lingua baixa respecto do swahili, pero este é baixa respecto do inglés (variedade rexional tanzana), que é a lingua alta. Muljačić (1998: 881) sinalara a existencia de macrodiglosia na actual catalán na tríada formada por un dialecto catalán X, o catalán e o español, entendendo por estes as respectivas linguas elaboradas (e non as distanciadas).

A situación macrodiglósica (ou de ‘dobre diglosa superposta’) corresponde, especialmente, á Galicia administrativa, pois no Eo-Navia de Asturias, no Bierzo occidental e nas Portelas de Zamora a situación é diglósica cun acelerado proceso de substitución do galego polo castelán, de xeito alarmante no Bierzo. A tríada macrodiglósica en Galicia fórmana o galego enxebre e variedades locais (lingua baixa), con escaso prestixio social tanto para os propios falantes e tamén para quen usa un galego apreso; o galego estándar (lingua media), variedade prestixiada para quen usa o galego enxebre e con certo prestixio para os castelán falantes, porque representa o ‘urbano’ e non o ‘rural’; e o castelán estándar na variedade ‘rexional’ de Galicia (lingua

alta), que aínda con todo tipo de galeguismos, segue sendo a lingua de prestixio para a grande maioría dos galegos nos comezos do séc. XXI.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALGa IV (2003): *Atlas Lingüístico Galego. Volume IV Léxico. Tempo atmosférico e cronolóxico*. Coordinado por Francisco Fernández Rei: [Santiago de Compostela / A Coruña]: Instituto da Lingua Galega / Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- ALIR (1996): *Atlas Linguistique Roman*. I Commentaires. Redactado por Gaston Tuauillon e Michel Contini. Roma: Istituto Poligrafico e Zecca dello Stato. Libreria dello Stato.
- Babarro González, Xoán (2003): *Galego de Asturias. Delimitación, caracterización e situación sociolingüística*. Biblioteca Filolóxica Galega. Instituto da Lingua Galega. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2 vols.
- Fasold, Ralph (1987): *The Sociolinguistics of Society*. Oxford: Basil Blackwell.
- Fernández Rei, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*, Vigo, Xerais, 2003<sup>3</sup>.
- Fernández Rei, Francisco (1996): “Gheada e seseo no galego coloquial e no galego estándar dos anos 90. Notas sobre a súa presenza nos media e nos textos musicais”. Comunicación (inédita) presentada no *I Congreso Internacional. A Lingua Galega Historia e Actualidade (16-20 de setembro de 1996 Santiago de Compostela)*, organizado polo Instituto da Lingua Galega.
- Fernández Rei, Francisco / Hermida Gulías, Carme (1996): *A nosa fala. Bloques e áreas lingüísticas do galego*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Arquivo Sonoro de Galicia.
- Fernández Rei, Francisco (2001): “A Proposta de acordo normativo do 2001. Notas e documentos sobre a *questione della lingua galega*”, *A Trabe de Ouro* 48, 529-552.
- Fernández Rei, Francisco (2002): “Do Ortegal ó Douro e de Fisterra ó Navia e ó Padornelo. Notas sobre léxico moderno da Gallaecia e do seu litoral”, en Álvarez, Rosario / Dubert García, Francisco / Sousa Fernández, Xulio (eds.): *Dialectoloxía e Léxico*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, 147-192.
- Fernández Rei, Francisco (2003): “*Moita costa, ‘pouco mar’*: o léxico mariñeiro e a construción do estándar galego”, en Álvarez de la Granja, María / González Seoane, Ernesto (eds.) (2003): *A estandarización do léxico*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, 285-347.
- García, Constantino (1974): “*Amanecer en gallego*”, *Verba* 1, 150-158.
- ILG-RAG (1982): Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega: *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Vigo: Galaxia (18ª ed. revisada decembro 2003).
- ILG-RAG [1989]: Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega: *Vocabulario ortográfico da lingua galega*. Versión provisoria [coordinación de Manuel González González e Antón Santamarina].
- Kabatek, Johannes (2000): *Os falantes como lingüistas. Tradición, innovación e interferencias no galego actual*. Vigo: Xerais.
- Míguez Iglesias, Dolores (1996): “Seseo e gheada en Viceso (Brión)”, *Cadernos de lingua* 14, 39-57.
- Muljačić, Žarko (1998): “La ripartizione areale delle lingue romanze”, en Holtus, Günter / Metzeltin, Michael / Schmitt, Christian (eds.): *Lexikon der Romanistischen Linguistik (LRL)*, VII. Tübingen: Max Niemeyer, 873-892.
- Regueira, Xosé L. (1999): “Estándar oral e variación social da lingua galega”, en Álvarez, Rosario / Vilavedra, Dolores (coords.): *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Santiago de Compostela: Universidade, 855-875.
- Santamarina, Antón (2003): “O *Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega (VOLG)*. Criterios de elaboración”, en Álvarez de la Granja, María / González Seoane, Ernesto (eds.) (2003): *A estandarización do léxico*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, 53-92.
- Trumper, John (1977): “Ricostruzione nell'Italia settentrionale: sistemi consonantici. Considerazioni sociolinguistiche nella diacronia”, en Simone, Raffaele / Vignuzzi, Ugo (eds.): *Problemi della*

*ricostruzione in linguistica. Atti del Convegno Internazionale di Studi, Pavia 1-2 ottobre 1975.*  
Roma: Bulzoni, 259-310.  
Vidal Figueroa, Tiago (1997): “Estructuras fonéticas de tres dialectos de Vigo”, *Verba* 24, 313-332.